# 3

# Panorama social


3.1. Comunidade autónoma

3.2. Cobertura social e prestacións económicas

3.3. Prestacións sanitarias e sociais

3.4. Educación

3.5. Medio ambiente

3.6. Outros indicadores de benestar social

# 3

# PANORAMA SOCIAL

O presente capítulo trata de analizar a actuación pública en aspectos fortemente relacionados co benestar social, tanto no que se refire á protección social e sanitaria como á calidade de vida (educación, medio ambiente, vivenda, cultura, ou protección ao consumidor).

O punto de partida deste capítulo é a consideración dos presupostos da Xunta de Galicia, que dedican á "Produción de bens públicos de carácter social" o 59,4% do seu presuposto consolidado para 2005 (61,1% no ano anterior), e á "Seguridade, protección e promoción social", o 6,7% (6,6% no ano precedente). Comparado co ano anterior, estes aspectos medraron un 8,2% e 13,0%, respectivamente.

O presuposto consolidado medrou no último ano un 11,4% respecto aos presupostos do ano anterior, acadando os 9.090,3 millóns de euros, o que representa o 19,0% do PIB galego a prezos de mercado (prezos correntes) [fonte: *IGE*]. En termos per cápita, estes presupostos ascenden a 3.290,7 euros/habitante. A capacidade de autofinanciamento da Comunidade Autónoma acadou o 44,1% do total dos seus ingresos non financeiros. Os recursos propios, medraron un 15,1% respecto ao importe de 2004, mentres que os ingresos transferidos, o fixeron nun 8,6%.

No concernente á protección social, o capítulo dedica tres apartados á análise da cobertura e financiamento das prestacións sociais, das prestacións económicas e das prestacións sociosanitarias.

A pesar de que o capítulo **I.5.- Poboación** desta memoria se dedíca a analizar a evolución e a estrutura da poboación en Galicia, nesta introdución cómpre mencionar que a caída da súa importancia relativa no total estatal e o envellecemento da poboación, ten un impacto directo no mercado de traballo (menor dispoñibilidade a medio prazo de poboación activa) así como na necesidade de redistribución de recursos cara o sistema sanitario e servizos sociais.

Ao longo do ano 2005, as obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en Galicia ascenderon a 5.368,5 millóns de euros, en tanto que os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General ascenderon a 4.082,9 millóns de euros. O diferencial teórico entre obrigas e dereitos recoñecidos netos é positivo no caso do réxime xeral (206,1 millóns de euros) e do réxime especial de traballadores autónomos (65,2 millóns de euros). Con todo, este diferencial positivo non logra compensar o diferencial negativo do resto dos réximes, salientando o réxime especial agrario, con -1.216,1 millóns de euros, e o réxime especial de traballadores do mar, con -367,7 millóns de euros.

O número total de beneficiarios dalgún tipo de prestacións -ben sexa contributiva ou asistencial-, acadou as 831,3 miles de persoas, o que significa que un 35,2% da poboación maior de dezaseis anos é beneficiaria do sistema de protección social pública. Ao igual que acontecera no ano anterior, a medra do número de pensións da Seguridade Social (acada un total de 689,0 miles de pensionistas) foi inferior á rexistrada polos novos afiliados ao sistema, o que supón un avance na solvencia do sistema (0,5% e 2,8%, respectivamente). Con todo, cómpre salientar que Galicia acolle o 8,8% das persoas beneficiarias de pensións do Estado e só o 5,6% dos cotizantes do sistema. Estas porcentaxes poderían estar condicionadas polo diferencial de retorno de xubilados a Galicia.

Os datos recollidos neste capítulo reflicten que mentres que Galicia acolle en torno ao 8% das persoas maiores de 65 anos, o peso relativo do número de centros de día é tan só do 2,2%, e o dos centros de atención residencial, do 2,5%. Canto ao número de prazas, estas porcentaxes situáronse no 4,1% no caso das residencias de anciáns, e 2,4% e 3,9% no caso dos centros de día de financiamento público e xestión privada, respectivamente.

Este elevado déficit vese na relación das prazas ofertadas e a poboación que potencialmente pode demandar estes servizos. Así, a atención residencial presenta un índice de cobertura de 1,86 prazas por cada cen persoas maiores de 65 anos (3,65 no conxunto do Estado), mentres que no caso dos centros de día, esta relación foi de 0,08 prazas por cada cen persoas maiores de 65 anos (0,27 prazas de media en España).

No que atinxe aos aspectos da calidade de vida, este capítulo considera os principais problemas relacionados coa educación, medio ambiente, vivenda, cultura e protección ao consumidor.

No que á educación se refire, o gasto público por alumno en educación non universitaria medrou no período 2002 ata o 2004 (último dato dispoñible), dende os 3,4 miles de euros de 2002 ata os 3,8 miles de euros de 2004.

O número de alumnos nas universidades galegas continúa co descenso rexistrado nos cursos anteriores, acadando no derradeiro curso un total de 75.583 alumnos, 3.842 alumnos menos que no curso anterior.

No que atinxe ás cuestións medioambientais, ao longo do ano 2005 agrávase o problema dos incendios forestais, ao rexistrarse un forte incremento do número de incendios e da superficie queimada. Asemade, cómpre salientar, dunha banda, que a intencionalidade é a causa principal dos lumes forestais; doutra, a elevada concentración espazo-temporal dos incendios na comunidade autónoma.

Dende un punto de vista normativo, é importante destacar a aprobación da lei 1/2005, de nove de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. A 1 de maio de 2005, o volume total de asignacións que cubren as 47 instalacións cuxas emisións foron inscritas foi de 14,7 millóns de toneladas de CO2. Dado que as emisións ascenderon a 17,3 millóns de toneladas, o balance negativo foi de 2,7 millóns de toneladas de CO2. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,6% das instalacións, mentres que a porcentaxe de asignacións e emisións foi do 8,5% e 9,4%, respectivamente.

Canto á cobertura da asignación, definida coma a relación entre asignacións e emisións verificadas, esta situouse en Galicia no 84,6%, case dez puntos por baixo da media estatal.

No concernente á vivenda, o número de vivendas libres iniciadas en 2005 medrou en Galicia un 15,2% respecto ao acontecido no ano anterior, permanecendo practicamente constante o de vivendas rematadas. Sen embargo, as posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade volven a empeorar dado que o continuo aumento dos prezos inmobiliarios (14,5% en Galicia respecto ao ano anterior e 14,0% de media no conxunto do Estado) non se correspondeu co crecemento medio dos salarios (o custo salarial total por traballador medrou en Galicia un 2,2% e un 2,6% de media en España), polo que se produce un empeoramento da relación entre prezos e ingresos familiares.

Se se define a ratio de solvencia coma a relación entre os prezos das vivendas e os salarios, unha vivenda media (considerada como aquela cunha superficie de noventa metros cadrados) ten en Galicia un prezo similar a 6,9 veces o custo salarial total medio de 2004, nove décimas superior ao existente no ano anterior. No conxunto do Estado esta ratio ascende ata o 8,5, catro décimas máis que en 2004. ■

# 3.I. Comunidade Autónoma

O presuposto consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005 ascendeu a 9.090,3 millóns de euros, un 11,4% (927,6 millóns de euros) máis que os aprobados no exercicio anterior. Esta cantidade representa o 19,0% do PIB galego a prezos de mercado (prezos correntes) [fonte: IGE] e supón 3.290,97 euros/habitante.

No ámbito dos orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005 figuran por primeira vez, entre os seus Organismos Autónomos, o Tribunal de Defensa da Competencia, e entre os seus entes públicos, a Fundación Pública de Medicina Xenómica.

No último ano, aumenta a capacidade de autofinanciación da Comunidade Autónoma, que acada o 44,1% do total dos seus ingresos non financeiros. Entre os recursos propios, que medran un 15,1% respecto aos presupostos do ano anterior, os ingresos tributarios o fixeron nun 8,7%. Entre os recursos transferidos, que se incrementaron un 8,6%, os procedentes do Estado o fixeron nun 9,6% e os procedentes da UE, un 2,8%.

En 2005, as tres cuartas partes do endebedamento bruto aplícanse á amortización da débeda. No ano precedente, aplicábase á devandita amortización o 85,0%.

## A conta financeira

A forma en que se interrelacionan as grandes magnitudes que interveñen na composición dos presupostos, queda reflectida na conta financeira. A estimación dos ingresos por operacións correntes no exercicio 2005 sitúase en 7.714,5 millóns de euros, cunha variación respecto ao exercicio precedente do 8,9%, mentres que a estimación dos gastos correntes ascendeu a 6.363,9 millóns de euros, o que supón unha variación do 8,4% respecto ao 2004. Como reflicte o **cadro 3.1.2.**, o aforro por operacións correntes acadou os 1.350,6 millóns de euros, o que supón un 11% de incremento respecto ao exercicio anterior.

No concernente ás operacións de capital, os gastos por operacións non financeiras de capital acadaron os 2.219,9 millóns de euros, un 13% superior ao ano anterior, equivalente ao 4,6% do PIB galego a prezos de mercado, prezos correntes (fonte: IGE). Tendo en conta que os ingresos por operacións de capital ascenderon un 5,2% respecto aos presupostos de 2004, ata os 859,3 millóns de euros, o déficit por operacións de capital ascendeu a 1.360,6 millóns de euros, o que representa un 18,5% de incremento sobre o exercicio anterior.

No que atinxe ás operacións financeiras, o gasto en atencións financeiras acadou os 506,6 millóns de euros e os recursos financeiros a 516,5 millóns de euros.

Ao contrario que no ano anterior, estímase unha situación inicial de necesidade de financiamento, que se cifra, para 2005, en 9,9 millóns de euros, e un endebedamento neto de 129,3 millóns de euros. O endebedamento bruto ascendeu a 515,8 millóns de euros (259,1 millóns de euros no ano anterior) aplicándose o 75% á amortización da débeda (o 85% en 2004).

A cobertura das operacións de capital polo aforro neto, segundo a ratio: “(aforro por operacións correntes-endebedamento neto)/gastos por operacións de capital”, foi en 2005 do 55%, cinco décimas menos que no exercicio de 2004.

***Ámbito dos Presupostos Xerais da C.A. de Galicia 2005***

| Administración Xeral | Administración Institucional | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Organismos Autónomos | | Sociedades Públicas | |
| **Seccións** | **Administrativos** | **Comerciais, industriais e financeiros** | **Entes públicos** | **Sociedades mercantís** |
| **Parlamento**<br>**Consello de Contas**<br>**Consello da Cultura Galega** | | | | |
| **Presidencia, Relacións Institucionais e Admón. Pública** | EGAP | | | |
| **Economía e Facenda** | IGE | | CES<br>IGAPE<br>CIXTEC | CEEI Galicia, S.A<br>SODIGA<br>SPI Galicia S.A.<br>XES Galicia S.A |
| | Tribunal Defensa da Competencia | | | S.P. Autoestrada A de S. Dom-Ourense |
| **Política Territorial, O.P. e Vivenda** | | IGVS | Portos de Galicia | Xestur Coruña, S.A.<br>Xestur Lugo, S.A.<br>Xestur Ourense, S.A.<br>Xestur Pontevedra, S.A. |
| **Educación e Ord. Universitaria** | | | | |
| **Industria e Comercio** | IGC | | Instituto Enerxético de Galicia | Galicia Calidade, S.A.<br>S.A. Centro Supercomputación de Galicia |
| **Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural** | | FOGGA | Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | S.A. Desenvolvemento Comarcal<br>Xenética Fontao, S.A. |
| **Cultura, Comunicación Social e Turismo** | | IGAEM | CRTVG<br>F. Cidade da Cultura de Galicia | TVG,S.A.<br>RTVG, S.A.<br>S.A. Xestión Xacobeo<br>S.I.P.T.-Galicia S.A<br>Retegal, S.A |
| **Sanidade** | SERGAS | | Hospital de Verín<br>I.G. Oftalmoloxía<br>Hospital Virxe da Xunqueira<br>Hospital A Barbanza<br>Escola Galega de Admón. Sanitaria<br>F.P.G.I. Saúde<br>F.P. Urxencias Sanit. Galicia<br>F.P. H.C. Do Salnés<br>F.P.C. Transfusión<br>F.P. De Medicina Xenómica | Medtec, S.A. |
| **Pesca e Asuntos Marítimos** | | | | |
| **Xustiza, Interior e Admón. Local** | AGS | | | |
| **Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado** | SGPIHM | | | |
| **Medio Ambiente** | Augas de Galicia | | Obas e Servicios Hidráulicos | Sogama, S.A. |
| **Asuntos Sociais, Empr. e Rel. Lab.** | | | | |
| **Emigración** | | | | |
| **Consello Consultivo de Galicia** | | | | |
| **Transferencias a CC.LL.**<br>**Débeda Pública**<br>**Gastos diversas Consellerías** | | | | |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

3.1.1.

**Conta financeira da Comunidade Autónoma 2004-05**

| | 2004 | 2005 | 05/04 | |
|---|---|---|---|---|
| | | (en miles de €) | | (%) |
| **1 Operacións correntes** | | | | |
| **Ingresos** | 7.086.427 | 7.714.497 | 628.070 | 8,9 |
| Impostos directos | 918.126 | 977.438 | 59.312 | 6,5 |
| Impostos indirectos | 2.025.364 | 2.189.649 | 164.285 | 8,1 |
| Taxas, Prezos públicos e outros ingresos | 191.219 | 239.335 | 48.116 | 25,2 |
| Transferencias correntes | 3.937.731 | 4.296.183 | 358.452 | 9,1 |
| Ingresos patrimoniais | 13.987 | 11.892 | -2.095 | -15,0 |
| **Gastos** | 5.869.255 | 6.363.851 | 494.596 | 8,4 |
| Gastos de persoal | 2.581.475 | 2.724.547 | 143.072 | 5,5 |
| Gastos en bens correntes e servizos | 925.599 | 995.378 | 69.779 | 7,5 |
| Gastos financeiros | 139.519 | 138.941 | -578 | -0,4 |
| Transferencias correntes | 2.222.662 | 2.454.076 | 231.414 | 10,4 |
| Fondo de continxencia | - | 50.909 | | |
| **Aforro por operacións correntes** | 1.217.172 | 1.350.646 | 133.474 | 11,0 |
| **2 Operacións de capital** | | | | |
| **Ingresos** | 816.497 | 859.334 | 42.837 | 5,2 |
| Alleamento de investimentos reais | 74.755 | 73.088 | -1.667 | -2,2 |
| Transferencias de capital | 741.742 | 786.246 | 44.504 | 6,0 |
| **Gastos** | 1.964.586 | 2.219.921 | 255.335 | 13,0 |
| Investimentos reais | 983.663 | 1.125.594 | 141.931 | 14,4 |
| Transferencias de capital | 980.923 | 1.094.327 | 113.404 | 11,6 |
| **Deficit por operacións de capital** | 1.148.089 | 1.360.587 | 212.498 | 18,5 |
| **Necesidades de financiamento** | 69.083 | - 9.941 | -79.024 | -114,4 |
| **3 Operacións financeiras** | | | | |
| **Recursos financeiros** | 259.750 | 516.496 | 256.746 | 98,8 |
| Activos financeiros | 665 | 665 | 0 | 0,0 |
| Pasivos financeiros | 259.085 | 515.831 | 256.746 | 99,1 |
| **Atencións financeiras** | 328.834 | 506.555 | 177.721 | 54,0 |
| Activos financeiros | 108.649 | 120.024 | 11.375 | 10,5 |
| Pasivos financeiros | 220.185 | 386.531 | 166.346 | 75,5 |
| **Financiamento** | 69.084 | - 9.941 | -79.025 | -114,4 |
| **4 Endebedamento neto** | | | | |
| **Endebedamento bruto** | 259.085 | 515.831 | 256.746 | 99,1 |
| **Amortizacións** | 220.185 | 386.531 | 166.346 | 75,5 |
| **Endebedamento neto** | -38.900 | -129.300 | -90.400 | 232,4 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

3.1.2.

A carga financeira da débeda pública nos orzamentos de 2005 situouse en 523,7 millóns de euros, dos que 137,1 millóns de euros corresponden a gastos financeiros e 386,5 millóns de euros a amortización da débeda. Esta carga supuxo o 6,8% dos ingresos correntes presupostados, incrementándose nun 46,4% (165,9 millóns de euros) respecto do ano anterior.

## O ORZAMENTO CONSOLIDADO

A través do orzamento consolidado pode apreciarse a dimensión real que os programas de gastos da Administración Xeral e dos organismos autónomos proxectan sobre a actividade económica e social de Galicia, unha vez eliminadas as transferencias internas entre os sectores mencionados (fundamentalmente, capítulos IV e VII de gastos da Administración Xeral e capítulos IV e VII de ingresos dos organismos autónomos). O orzamento consolidado previsto para o exercicio 2005, unha vez deducidas as devanditas transferencias internas (2.854,0 millóns de euros) ascendeu a 9.090,3 millóns de euros, cun incremento dun 11,4% (927,7 millóns de euros) sobre os orzamentos estimados inicialmente do ano anterior.

**Orzamento consolidado 2004-05**

*Ingresos*

| | 2004 (en miles de €) | 2004 ( % / total) | 2005 (en miles de €) | 2005 ( % / total) | 05/04 (%) |
|---|---|---|---|---|---|
| **Recursos propios** | 3.483,2 | 42,7 | 4.007,9 | 44,1 | 15,1 |
| Ingresos tributarios | 3.134,7 | 38,4 | 3.406,4 | 37,5 | 8,7 |
| Ingresos patrimoniais | 88,7 | 1,1 | 85,0 | 0,9 | -4,2 |
| Ingresos financeiros | 259,8 | 3,2 | 516,5 | 5,7 | 98,8 |
| **Recursos transferidos** | 4.679,5 | 57,3 | 5.082,4 | 55,9 | 8,6 |
| Do Estado | 4.121,1 | 50,5 | 4.516,8 | 49,7 | 9,6 |
| Da Unión Europea | 547,2 | 6,7 | 562,5 | 6,2 | 2,8 |
| Outros | 11,1 | 0,1 | 3,1 | 0,0 | -72,0 |
| **Total** | 8.162,7 | 100 | 9.090,3 | 100 | 11,4 |

*Gastos*

| | 2004 (en miles de €) | 2004 ( % / total) | 2005 (en miles de €) | 2005 ( % / total) | 05/04 (%) |
|---|---|---|---|---|---|
| **Xestión directa** | 4.959,1 | 60,8 | 5.541,9 | 61,0 | 11,8 |
| Gastos de persoal | 2.581,5 | 31,6 | 2.724,5 | 30,0 | 5,5 |
| Gastos de funcionamento | 925,6 | 11,3 | 1.046,3 | 11,5 | 13,0 |
| Gastos financeiros | 468,4 | 5,7 | 645,5 | 7,1 | 37,8 |
| Investimentos | 983,7 | 12,1 | 1.125,6 | 12,4 | 14,4 |
| **Transferecias ao sector público** | 1.560,3 | 19,1 | 1.761,4 | 19,4 | 12,9 |
| A Corporacións Locais | 870,3 | 10,7 | 961,6 | 10,6 | 10,5 |
| Outros | 16,0 | 0,2 | 15,6 | 0,2 | -2,1 |
| A Sociedades Públicas da C.A. | 674,0 | 8,3 | 784,2 | 8,6 | 16,4 |
| **Transferencias ao sector privado** | 1.643,3 | 20,1 | 1.787,0 | 19,7 | 8,7 |
| Familias e ent. sen ánimo de lucro | 1.157,0 | 14,2 | 1.241,8 | 13,7 | 7,3 |
| Empresas | 486,3 | 6,0 | 545,2 | 6,0 | 12,1 |
| **Total** | 8.162,7 | 100 | 9.090,3 | 100 | 11,4 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

3.1.3.

No que aos ingresos se refire, o **cadro 3.1.3.** indica que o 44,1% dos mesmos (4.007,9 millóns de euros) corresponden aos recursos propios, que medraron un 15,1% respecto ao ano anterior. Entre estes recursos, os ingresos tributarios medraron un 8,7% para situarse nos 3.406,4 millóns de euros, o que representa o 37,5% dos ingresos totais. Canto aos recursos transferidos (o 55,9% dos ingresos), os recursos procedentes do Estado, tras unha medra do 9,6%, acadaron os 4.516,8 millóns de euros (o 49,7% dos ingresos), mentres que os recursos procedentes da UE acadaron unha contía de 562,5 millóns de euros (o 6,2% dos ingresos).

No que atinxe á distribución económica, **cadro 3.1.4.**, os ingresos por operacións correntes experimentaron un incremento de 628,1 millóns de euros, un 8,9% superior ao exercicio anterior, para situarse nos 7.714,5 millóns de euros. Este crecemento ven impulsado polo comportamento dos ingresos de carácter tributario, que medraron un 8,7%, e da participación galega no sistema de financiamento (aumenta un 10,9%), que no Fondo de Suficiencia crece un 6,6%.

Pola contra, os ingresos totais das operacións de capital (1.375,8 millóns de euros) incrementáronse respecto ao presupostado no ano precedente un total de 299,6 millóns de euros, un 27,8% máis que no ano anterior. Cómpre salientar o forte incremento experimentado polos ingresos financeiros, que case se duplican en relación aos presupostos de 2004, por mor da autorización de endebedamento autorizado para as medidas dirixidas a impulsar os sectores económicos máis afectados polo accidente do *Prestige*. Os ingresos de capital non financeiro experimentaron un crecemento do 5,2%, mentres que o conxunto de ingresos de carácter non financeiro, o fixeron nun 8,5%.

***Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 2004-05: distribución económica***

***Ingresos***

| | | 2004 | 2005 | 2004 | 2005 | 05/04 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | importe | | valor relativo | | importe | |
| | | *(en miles de €)* | | *(%)* | | | *(%)* |
| I | Impostos directos | 918.126 | 977.438 | 11,2 | 10,8 | 59.312 | 6,5 |
| II | Imposto indiretos | 2.025.364 | 2.189.649 | 24,8 | 24,1 | 164.285 | 8,1 |
| III | Taxas, prezos e outros ingresos | 191.219 | 239.335 | 2,3 | 2,6 | 48.116 | 25,2 |
| IV | Transferencias correntes | 3.937.731 | 4.296.183 | 48,2 | 47,3 | 358.452 | 9,1 |
| V | Ingresos patrimoniais | 13.987 | 11.892 | 0,2 | 0,1 | -2.095 | -15,0 |
| | **Total operación correntes** | 7.086.427 | 7.714.497 | 86,8 | 84,9 | 628.070 | 8,9 |
| VI | Alleamento de investimentos reais | 74.755 | 73.088 | 0,9 | 0,8 | -1.667 | -2,2 |
| VII | Transferencias de capital | 741.742 | 786.246 | 9,1 | 8,6 | 44.504 | 6,0 |
| | **Total operacións non financeiras de capital** | 816.497 | 859.334 | 10,0 | 9,5 | 42.837 | 5,2 |
| | **Total Ingresos non financeiros** | 7.902.924 | 8.573.831 | 96,8 | 94,3 | 670.907 | 8,5 |
| VIII | Activos financeiros | 665 | 665 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 |
| IX | Pasivos financeiros | 259.085 | 515.831 | 3,2 | 5,7 | 256.746 | 99,1 |
| | **Total Ingresos Financeiros** | 259.750 | 516.496 | 3,2 | 5,7 | 256.746 | 98,8 |
| | **Total Operacións de Capital** | 1.076.247 | 1.375.830 | 13,2 | 15,1 | 299.583 | 27,8 |
| **Total** | | 8.162.674 | 9.090.327 | 100 | 100 | 927.653 | 11,4 |

***Gastos***

| | | 2004 | 2005 | 2004 | 2005 | 05/04 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | importe | | valor relativo | | importe | |
| | | *(en miles de €)* | | *(%)* | | | *(%)* |
| I | Gastos de persoal | 2.581.475 | 2.724.547 | 31,6 | 30,0 | 143.072 | 5,5 |
| II | Gastos en bens correntes e servizos | 925.599 | 995.378 | 11,3 | 10,9 | 69.779 | 7,5 |
| III | Gastos financeiros | 139.519 | 138.941 | 1,7 | 1,5 | -578 | -0,4 |
| IV | Transferencias correntes | 2.222.662 | 2.454.076 | 27,2 | 27,0 | 231.414 | 10,4 |
| V | Fondo de continxencia | - | 50.909 | | | | |
| | **Total operación correntes** | 5.869.255 | 6.363.851 | 71,9 | 70,0 | 494.596 | 8,4 |
| VI | Investimentos reais | 983.663 | 1.125.594 | 12,1 | 12,4 | 141.931 | 14,4 |
| VII | Transferencias de capital | 980.923 | 1.094.327 | 12,0 | 12,0 | 113.404 | 11,6 |
| | **Total operacións non financeiras de capital** | 1.964.586 | 2.219.921 | 24,1 | 24,4 | 255.335 | 13,0 |
| | **Total Gastos non Financeiros** | 7.833.841 | 8.583.772 | 96,0 | 94,4 | 749.931 | 9,6 |
| VIII | Activos financeiros | 108.649 | 120.024 | 1,3 | -<br>1,3 | 11.375 | 10,5 |
| IX | Pasivos financeiros | 220.185 | 386.531 | 2,7 | 4,3 | 166.346 | 75,5 |
| | **Total operacións financeiras de capital** | 328.834 | 506.555 | 4,0 | 5,6 | 177.721 | 54,0 |
| | **Total Gastos Financeiros** | 328.834 | 506.555 | 4,0 | 5,6 | 177.721 | 54,0 |
| | **Total Operacións de Capital** | 2.293.420 | 2.726.476 | 28,1 | 30,0 | 433.056 | 18,9 |
| **Total** | | 8.162.675 | 9.090.327 | 100 | 100 | 927.652 | 11,4 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

**3.1.4.**

Polo lado dos gastos, un 61% do presuposto corresponde á xestión directa do mesmo, onde os gastos de persoal ascenderon a 2.724,5 millóns de euros (o 30% dos gastos totais). O devandito **cadro 3.1.3.** reflicte que os gastos de funcionamento e os investimentos acollen o 11,5% e 12,4% dos gastos, respectivamente. As transferencias ao sector privado, tras unha medra do 8,7%, acadan un total de 1.787 millóns de euros (o 19,7% do gasto) e as transferencias ao sector público, tras medrar un 12,9%, sitúa-ronse nos 1.761,4 millóns de euros (o 19,4% do presuposto consolidado).

Os gastos por operacións correntes acadaron os 6.363,9 millóns de euros, un 8,4% (494,6 millóns de euros) máis que no estimado nos presupostos de 2004. As transferencias correntes experimentan un

***Transferencias correntes, investimentos reais e transferencias de capital da C.A. 2005: distribución orgánica***

| | Cap. IV | Cap. VI | Cap. VII |
|---|---|---|---|
| | | *(en miles de €)* | |
| **Administración Xeral** | 4.245.619,3 | 883.929,2 | 1.100.891,7 |
| Parlamento | 1.941,1 | 1.793,8 | 34,1 |
| Consello de Contas | 2,7 | 1.679,3 | - |
| Consello da Cultura Galega | 150,7 | 303,5 | - |
| Presidencia RR. Instit. e Administ. Pública | 9.509,4 | 15.901,1 | 4.088,5 |
| Economía e Facenda | 20.989,4 | 6.929,0 | 93.380,2 |
| Política Territorial O.P. e Vivenda | 14.683,4 | 314.180,3 | 128.692,5 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 467.612,5 | 104.937,0 | 21.673,2 |
| Innovación, Industria e Comercio | 19.568,4 | 28.217,0 | 144.248,1 |
| Política Agroalimentaria e Desenv. Rural | 16.543,3 | 109.046,0 | 216.794,7 |
| Cultura, Comunicación Social e Turismo | 35.631,8 | 45.284,8 | 108.134,9 |
| Sanidade | 2.620.493,2 | 29.412,1 | 1.633,1 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 2.090,1 | 51.014,1 | 129.949,8 |
| Xustiza, Interior e Admón. Local | 14.973,9 | 14.972,8 | 12.030,3 |
| Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado | 67.812,8 | 30.686,4 | 15.739,0 |
| Medio Ambiente | 3.272,0 | 86.953,4 | 149.077,6 |
| Asuntos sociais, emprego e RR.LL. | 252.151,0 | 10.395,2 | 3.397,4 |
| Emigración | 7.553,6 | 1.429,0 | 2.754,7 |
| Consello Consultivo de Galicia | - | 96,5 | - |
| Transferencias a CC.LL. | 690.140,0 | - | 62.763,7 |
| Débeda Pública | - | - | - |
| Gastos de Diversas Consellerías | 500,0 | 30.697,7 | 6.500,0 |
| **Organismos Autónomos** | 858.202,8 | 241.251,1 | 197.785,7 |
| Escola Galega de Administración Pública | 225,6 | 126,0 | - |
| Instituto Galego de Estatística | 55,9 | 1.773,9 | - |
| Tribunal Galego de Defensa da Competencia | - | 90,0 | - |
| Instituto Galego de Consumo | 478,7 | 1.291,0 | 309,0 |
| Servizo Galego de Saúde | 846.836,3 | 125.144,0 | 1.092,8 |
| Academia Galega de Seguridade | - | - | - |
| Serv. Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller | 7.560,7 | 114,0 | 189,0 |
| Augas de Galicia | - | 26.250,6 | 98.915,8 |
| Instituto Galego de Vivenda e Solo | 2.664,1 | 79.331,1 | 64.572,8 |
| Fondo Galego de Garantía Agraria | 190,3 | 2.264,9 | 32.706,3 |
| Instituto Galego de Artes Esc. e Musicais | 191,3 | 4.865,7 | - |
| **Total orzamento bruto** | 5.103.822,2 | 1.125.180,3 | 1.298.677,4 |
| **Total transferencias internas** | 2.649.646,5 | - | 204.350,2 |
| **Total** | 2.454.175,7 | 1.125.180,3 | 1.094.327,2 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

**3.1.5.**

crecemento do 10,4% (231,4 millóns de euros) e acadan os 2.454,1 millóns de euros. A desagregación orgánica, por actuacións previstas e por orixe de fondos das transferencias correntes aparece nos **cadros 3.1.5., 3.1.9.** e **3.1.10.**

No que atinxe aos gastos non financeiros de capital, 2.219,9 millóns de euros, estes aumentan respecto aos presupostos anteriores, un 13,0% (255,3 millóns de euros). Os investimentos reais creceron un 14,4% (141,9 millóns de euros) ata acadar os 1.125,6 millóns de euros, e as transferencias de capital o fixeron nun 11,6% (113,4 millóns de euros), acadando os 1.094,3 millóns de euros. A distribución orgánica, por actuacións previstas e por orixe de fondos das transferencias de capital, aparece nos **cadros 3.1.5., 3.1.8.** e **3.1.9.**

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, **cadro 3.1.6.**, a parte máis importante (85,6%) do orzamento consolidado repartiuse entre as seguintes funcións: Sanidade, o 31,1% (2.827,0 millóns de euros); Educación, o 20,2% (1.840,1 millóns de euros); Transferencia a entidades locais, o 8,3% (754,0 millóns de euros); Débeda pública, o 5,8% (523,7 millóns de euros); Infraestruturas básicas e do transporte, o 4,6% (413,9 millóns de euros); Agricultura, gandería e pesca, o 4,3% (388,8 millóns de euros); Seguridade Social e protección social, o 4% (362,4 millóns de euros); Promoción do emprego, o 2,6% (235,3 millóns de euros); Cultura, o 2,4% (220,1 millóns de euros); Vivenda e urbanismo e Benestar

**Presuposto consolidado de gastos da C.A. 2004-05: distribución funcional**

| Funcións | 2004 | 2005 | 05/04 importe | 05/04 (%) | Valor relativo 2004 | Valor relativo 2005 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | | | | | |
| **1 Servizos de carácter xeral** | 175.753 | 203.299 | 18.335 | 10,4 | 2,2 | 2,2 |
| 11 Alta dirección da Com. Autónoma | 32.339 | 35.366 | 3.027 | 9,4 | 0,4 | 0,4 |
| 12 Administración Xeral | 143.414 | 158.722 | 15.308 | 10,7 | 1,8 | 1,7 |
| | - | 9.211 | 9.211 | | 0,0 | 0,1 |
| **2 Seguridade, protección e promoción social** | 540.774 | 610.924 | 70.150 | 13,0 | 6,6 | 6,7 |
| 21 Seguridade Social e protec. Social | 323.424 | 362.357 | 38.933 | 12,0 | 4,0 | 4,0 |
| 23 Protección civil e seguridade | 13.295 | 13.280 | -15 | -0,1 | 0,2 | 0,1 |
| 24 Promoción do emprego | 204.055 | 235.287 | 31.232 | 15,3 | 2,5 | 2,6 |
| **3 Produción de bens públicos de carácter social** | 4.986.367 | 5.395.747 | 409.380 | 8,2 | 61,1 | 59,4 |
| 31 Sanidade | 2.556.954 | 2.826.988 | 270.034 | 10,6 | 31,3 | 31,1 |
| 32 Educación | 1.735.723 | 1.840.138 | 104.415 | 6,0 | 21,3 | 20,2 |
| 33 Vivenda e urbanismo | 188.220 | 199.634 | 11.414 | 6,1 | 2,3 | 2,2 |
| 34 Benestar comunitario | 186.593 | 195.251 | 8.658 | 4,6 | 2,3 | 2,1 |
| 35 Cultura | 211.126 | 220.087 | 8.961 | 4,2 | 2,6 | 2,4 |
| 36 Outros servizos comunit. e sociais | 107.751 | 113.649 | 5.898 | 5,5 | 1,3 | 1,3 |
| **4 Produción de bens públ. de carácter económico** | 546.581 | 658.550 | 111.969 | 20,5 | 6,7 | 7,2 |
| 41 Infraestruturas básicas e do transporte | 327.162 | 413.929 | 86.767 | 26,5 | 4,0 | 4,6 |
| 42 Outras infraestruturas | 139.327 | 155.683 | 16.356 | 11,7 | 1,7 | 1,7 |
| 43 Investigación científica, técnica e aplicada | 74.240 | 82.994 | 8.754 | 11,8 | 0,9 | 0,9 |
| 44 Información estatística básica | 5.852 | 5.943 | 91 | 1,6 | 0,1 | 0,1 |
| **5 Regulación económica de carácter xeral** | 128.387 | 164.131 | 35.744 | 27,8 | 1,6 | 1,8 |
| 51 Actuacións económicas xerais | 38.927 | 40.763 | 1.836 | 4,7 | 0,5 | 0,4 |
| 52 Comercio | 33.981 | 34.186 | 205 | 0,6 | 0,4 | 0,4 |
| 53 Actividades financeiras | 55.479 | 89.182 | 33.703 | 60,7 | 0,7 | 1,0 |
| **6 Reordenación industrial e desenvolv. empresarial** | 427.480 | 473.983 | 46.503 | 10,9 | 5,2 | 5,2 |
| 61 Agricultura, gandería e pesca | 350.110 | 388.807 | 38.697 | 11,1 | 4,3 | 4,3 |
| 62 Industria | 12.758 | 13.457 | 699 | 5,5 | 0,2 | 0,1 |
| 63 Enerxía | 23.032 | 22.802 | -230 | -1,0 | 0,3 | 0,3 |
| 64 Minería | 4.205 | 4.400 | 195 | 7,0 | 0,1 | 0,0 |
| 65 Turismo | 37.375 | 44.517 | 7.142 | 19,1 | 0,5 | 0,5 |
| 66 Industrialización e reordenación industrial | - | - | - | | 0,0 | 0,0 |
| 67 Desenvolvemento empresarial | - | - | - | | 0,0 | 0,0 |
| **7 Apoio aos sectores produtiv. e desenv. empresarial** | 268.501 | 306.147 | 37.646 | 14,0 | 3,3 | 3,4 |
| 71 Apoio á creación e ampliación de empresas | 162.500 | 186.892 | 24.392 | 15,0 | 2,0 | 2,1 |
| 72 Desenvolvemento empresarial | 106.001 | 119.255 | 13.254 | 12,5 | 1,3 | 1,3 |
| 73 Complexo silvicultura-madeira | - | - | - | | 0,0 | 0,0 |
| 74 Complexos prioritarios do sector industrial | - | - | - | | 0,0 | 0,0 |
| 75 Complexo turismo, loxística e servizos a empresas | - | - | - | | 0,0 | 0,0 |
| **8 Transferencia a entidades locais** | 731.077 | 754.042 | 22.965 | 3,1 | 9,0 | 8,3 |
| 81 Transferencias a entidades locais | 731.077 | 754.042 | 22.965 | 3,1 | 9,0 | 8,3 |
| **9 Débeda pública** | 357.756 | 523.655 | 165.899 | 46,4 | 4,4 | 5,8 |
| 91 Débeda pública | 357.756 | 523.655 | 165.899 | 46,4 | 4,4 | 5,8 |
| **Total** | 8.162.676 | 9.090.477 | 927.801 | 11,4 | 100 | 100 |

Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

3.1.6.

comunitario, co 2,2% (199,6 millóns de euros e 195,3 millóns de euros, respectivamente); e Apoio á creación e ampliación de empresas, o 2,1% (186,9 millóns de euros).

As variacións cuantitativas, en termos absolutos, por grupos funcionais respecto ao ano 2004 son as seguintes: os Servizos de carácter xeral increméntanse en 18,3 millóns de euros; Seguridade, protección e promoción social aumenta en 70,2 millóns de euros; Produción de bens públicos de carácter social aumenta en 409,4 millóns de euros; Produción de bens públicos de carácter económico increméntase en 112,0 millóns de euros; Regulación económica de carácter xeral aumenta en 35,7 millóns de euros; Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial medra en 46,5 millóns de euros; o Apoio aos sectores produtivos e desenvolvemento empresarial, aumenta en 37,6 millóns de euros; as Transferencias a entidades locais aumentan en 23,0 millóns de euros; e finalmente, a Débeda pública aumenta en 165,9 millóns de euros.

*Principais actuacións previstas dos investimentos reais 2005: Administración Xeral*

| | importe (en miles de €) | (%) | Total Consellería (en miles de €) | (%) |
|---|---|---|---|---|
| **Consellería de Presidencia, R.I. e Administración Publica.** | | | 15.901 | 1,8 |
| Xestión procedementos administrativos | 4.502 | 0,5 | | |
| Equipos para procesos de información | 4.434 | 0,5 | | |
| Asistencias técnicas e outras actuacións | 2.128 | 0,2 | | |
| Outras actuacións | 4.836 | 0,5 | | |
| **Consellería de Economía e Facenda** | | | 6.929 | 0,8 |
| Mandatos a S.P.I., S.A. | 1.683 | 0,2 | | |
| Divulgación económica | 1.353 | 0,2 | | |
| Outras actuacións | 3.893 | 0,4 | | |
| **Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais** | | | 10.395 | 1,2 |
| Centro novas tecnoloxías | 1.600 | 0,2 | | |
| Promoción da prevención de riscos laborais | 1.501 | 0,2 | | |
| Catálogo de expertos. Plan FIP | 1.401 | 0,2 | | |
| Outras actuacións | 5.893 | 0,7 | | |
| **Consellería de Política Territorial, O.P. e Vivenda** | | | 314.180 | 35,5 |
| Obras en materia de estradas. Plan Galicia | 114.384 | 12,9 | | |
| Expropiacións en materia de estradas | 34.327 | 3,9 | | |
| Mandatos a SPI, S.A. | 28.000 | 3,2 | | |
| Expropiacións Plan Galicia | 15.129 | 1,7 | | |
| Mellora da accesibiliade. Mellora da rede de estradas | 11.048 | 1,2 | | |
| Variante Marín | 7.559 | 0,9 | | |
| Outras actuacións | 103.734 | 11,7 | | |
| **Consellería de Educación e Ordenación Univ.** | | | 104.937 | 11,9 |
| Mandatos a S.P.I., S.A. | 24.040 | 2,7 | | |
| Reparacións, ampliacións e melloras | 19.350 | 2,2 | | |
| Convenios medios de comunicación | 6.400 | 0,7 | | |
| Equipamento ensinanza secundaria (leasing) | 5.856 | 0,7 | | |
| Campañas de normalización lingüística | 3.757 | 0,4 | | |
| Outras actuacións | 45.534 | 5,2 | | |
| **Consellería de Innovación, Industria e Comercio** | | | 28.217 | 3,2 |
| Difusión e promoción da sociedade da información | 6.000 | 0,7 | | |
| Promoción do comercio e dos productos galegos | 3.387 | 0,4 | | |
| Investimentos I+D | 1.862 | 0,2 | | |
| Outras actuacións | 16.968 | 1,9 | | |
| **Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural** | | | 109.046 | 12,3 |
| Programas de mellora nas dotacións do medio rural | 19.181 | 2,2 | | |
| Concentración parcelaria, obras e servicios inherentes | 16.243 | 1,8 | | |
| Actos clínicos, traballos auxiliares e gastos complementarios | 9.605 | 1,1 | | |
| Programas sanitarios especiais | 7.817 | 0,9 | | |
| Mandatos a S.P.I., S.A. | 6.226 | 0,7 | | |
| Creación de regadíos sociais | 5.284 | 0,6 | | |
| Infraestructuras de comunicación no medio rural | 4.799 | 0,5 | | |
| Actuacións en caminos rurais | 4.732 | 0,5 | | |
| Outras actuacións | 35.158 | 4,0 | | |
| **Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo** | | | 45.285 | 5,1 |
| Obras en patrimonio cultural | 6.460 | 0,7 | | |
| Infraestructuras turísticas | 5.293 | 0,6 | | |
| Potenciación das infraestructuras de acceso á información | 4.897 | 0,6 | | |
| Promoción do audiovisual galego | 3.305 | 0,4 | | |
| Outras actuacións | 25.331 | 2,9 | | |
| **Consellería de Sanidade** | | | 29.412 | 3,3 |
| Programa galego de vacinación | 10.056 | 1,1 | | |
| Programas poboacionais de cribado | 2.935 | 0,3 | | |
| Programa de aseguramento da calidade no control da EEB | 2.642 | 0,3 | | |
| Programa de loita contra as drogodependencias | 2.467 | 0,3 | | |
| Programas sanitarios | 2.357 | 0,3 | | |
| Outras actuacións | 8.956 | 1,0 | | |
| **Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos** | | | 51.014 | 5,8 |
| Servicio público de salvamento e loita contra a contaminación | 7.650 | 0,9 | | |
| Adquisición e mantemento material de transporte de protección de recursos | 6.950 | 0,8 | | |
| Equipamentos pesqueiros | 4.572 | 0,5 | | |
| Equipamentos portuarios | 3.588 | 0,4 | | |
| Outras actuacións | 28.254 | 3,2 | | |
| **Consellería de Xusticia, Interior e Adm. Local** | | | 14.973 | 1,7 |
| Plan SOS Galicia | 4.068 | 0,5 | | |
| Mandatos a SPI., S.A. | 2.202 | 0,2 | | |
| Outras actuacións | 8.703 | 1,0 | | |
| **Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.** | | | 30.686 | 3,5 |
